

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 11 DE OUTUBRO DO 2023.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA	Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:10 do día Once de Outubro do Dous mil vinte e tres, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 05/10/2023

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/043

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/10/2023. DECRETO: "AMPLIACIÓN DEL PLAZO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO "REMODELACIÓN DEL FRENT MARÍTIMO DE AGUIÑO"

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/046



Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/10/2023. DECRETO: “APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO CORRIXIDO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA ENVOLVENTE TÉRMICA DA ANTIGUA ESCOLA UNITARIA DE CORRUBEDO E DO SEU ACCESO””

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/093

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/10/2023. DECRETO: “Aprobación do Plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN CAMPELOS (OLVEIRA)””

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/099

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/10/2023. DECRETO: “DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUIDA POLO CONTRATISTA “INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE SUMINISTRO DENOMINADO “RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN RÚA LUGO E RÚA ROSALÍA DE CASTRO””

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/047

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 04/10/2023. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE OBRAS ACONDICIONAMIENTO DE INMUEBLE PARA CENTRO DE ACOGIDA EN CARREIRA”

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/048

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 04/10/2023. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DENOMINADO “SUMINISTRO E INSTALACION DE LUMINARIAS EN EL MALECON, PLAZA AYUDANTIA DE MARINA - OFICINA DE TURISMO””

8.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/115

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/10/2023. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE “MEJORA DE ECOSISTEMAS EN ENCLAVES NATURALES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA MEDIANTE LA CONSERVACIÓN DE LA BIODIVERSIDAD EN EL RÍO ARTES Y EL MONTE DE SAN ALBERTO – FINANCIADO POR NEXT GENERATION EU””



9.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Eva Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Eva Petrovich Díaz Costa**, de data 06/10/2023, no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (comidas), na Avenida do Malecón, Ribeira (Ao carón do establecemento “Caramelo”, os fins de semana ata decembro de 2023 (Total 20 días).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Informar** a **Eva Petrovich Díaz** que deberá solicitar autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (comidas), na Avenida do Malecón, Ribeira (Ao carón do establecemento “Caramelo”, os fins de semana ata decembro de 2023 (Total 20 días), á entidade **PORTOS DE GALICIA**, ao ser o ente titular do espazo solicitado.
- Como alternativa, autorizar** a **Eva Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (comidas), na Avenida Rosalía de Castro, ou calquera outra ubicación non pertencente a Portos de Galicia, que deberá comunicar con antelación suficiente á Policía Local, durante os fins de semana ata decembro de 2023 (Total 20 días).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jorge Andrés Díaz Hincapié

Visto o escrito presentado por **Jorge Andrés Díaz Hincapié**, de data 09/10/2023 (Rexistro de entrada nº 23.698), no que solicita autorización para a instalación dun posto (4,00 m.) de venda ambulante (comida e bebida), na Praza de Pontevedra (Ribeira), fronte ao establecemento hostaleiro “Desván”, os venres ata decembro 2023 (10 días).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Jorge Andrés Díaz Hincapié** para a instalación dun posto (4,00 m.) de venda ambulante (comida e bebida), na Praza de Pontevedra (Ribeira), fronte ao establecemento hostaleiro “Desván”, os venres ata decembro 2023 (10 días).
- A hora de peche do posto deberá coincidir co horario de peche das terrazas hostaleiras, polo que deberá poñerse en contacto coa Policía Local para posibles aclaracións.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

13855	07.06.2023	MARINA GARCÍA SAMPEDRO, cambio de ventanas en Camiño do Rueiro, 13, Palmeira, Ribeira.
21208	15.09.2023	MARÍA DOLORES GARCÍA GONZÁLEZ, renovación de carpintería interior (cociña e portas), en Avenida da Coruña, 22, Ribeira.
19556	28.08.2023	ANTONIO TORRES SAMPEDRO, cambio de tellas en Rúa Lagarto, 24, Aguiño, Ribeira.
21690	20.09.2023	BERNARDO SAMPEDRO ARGIBAY, rehabilitación de fachada lateral en Avenida de Ferrol, 52, Ribeira.

12.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - ESPAÑA Y FERNANDEZ, S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Demolición de cuberta e elevación dunha planta sobre edificación existente.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0716608NH0101N0001FF.

SITUACIÓN: Avenida Rosalía de Castro nº14, Ribeira.

PROMOTOR/A: ESPAÑA Y FERNANDEZ, S.L. (CIF B15231368).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

PROXECTO: Proxecto Básico asinada dixitalmente o 24 de xullo de 2023 /Documentación complementaria asinada dixitalmente os días 14, 22 e 28 de agosto de 2023.

OFICIOS: Compromiso de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.

Vistos os escritos presentados pola entidade ESPAÑA Y FERNANDEZ, S.L. (CIF B15231368), rexistrados de entrada os días 24 e 31 de xullo, 15, 22 e 28 de agosto de 2023, (Rexistro de entrada nº 17.582, 17.954, 18.870, 19.288 e 19.579 respectivamente), mediante os que solicita licenza de obras para demolición de cuberta e elevación dunha planta sobre edificación existente e sita na Avenida Rosalía de Castro nº14, Ribeira, en parcela con refªs catastral nº 0716608NH0101N0001FF achegándose Proxecto Básico asinada dixitalmente o 24 de xullo de 2023, Documentación complementaria asinada dixitalmente os días 14, 22 e 28 de agosto de 2023 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128) así como Compromiso de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Sr. Óscar Pidre Mosquera con sinatura dixital o día 1 de setembro de 2023.

Visto o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital o día 22 de setembro de 2023 en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en 1.542,10 €.

Vista a documentación obrante no expediente, e **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/09/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade ESPAÑA Y FERNANDEZ, S.L. **LICENZA DE OBRAS (Nº 34/23)** para **DEMOLICIÓN DE CUBERTA E ELEVACIÓN DUNHA PLANTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE** sita na Avenida Rosalía de Castro nº14, Ribeira, en parcela con refªs catastral nº 0716608NH0101N0001FF, nos termos do Proxecto Básico asinada dixitalmente o 24 de xullo de 2023, Documentación complementaria asinada dixitalmente os días 14, 22 e 28 de agosto de 2023 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128):

- Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.
- Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 1.542,10 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** así como **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*



QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de



reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – J.M. Vidal e Hijos, S.L. (1)

Visto o escrito presentado por Pablo Vidal Vázquez en representación de **J.M. Vidal e Hijos, S.L.**, de data 15/06/2023 (Rexistro de entrada nº 14.837), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A008002920000KM.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Diego Hermida Varela, de data 02/10/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: Manuel Genaro Gutiérrez Fernández

02.DATOS DA PARCELA

Localización: Lgar. de Cubeliño, parroquia de Palmeira



Ref. Catastral: 15074A008002920000KM

Plano do PXOM: Planos nº 2.15 e 3.9 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0506 do PBA

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 15.06.2023, obtén rexistro de entrada (RE.: 202314837), solicitude de información urbanística dunha parcela.

Achegan xunto coa solicitude:

- Autorización para a representación.
- Consulta descritiva e gráfica da parcela.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para a que solicita información atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como Solo Rústico Común.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o **solo rústico**.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información non se atopa afectado por ningunha sectorial, polo que haberá que outorgarlle ao terreo a clasificación de solo **solo rústico de protección ordinaria**, recollida no artigo 33 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A continuación transcríbese a regulación do solo rústico na LSG:

"Artículo 35. Usos y actividades en suelo rústico.

1. Los usos y las actividades admisibles en suelo rústico serán los siguientes:

- a) Acciones sobre el suelo o subsuelo que impliquen movimientos de tierra, tales como dragados, defensa de ríos y rectificación de cauces, abancalamientos, desmontes y rellenos.*
- b) Muros de contención, así como vallado de fincas.*
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada de un día y actividades comerciales ambulantes.*
- d) Campamentos de turismo con las obras, servicios e instalaciones previstas en la normativa vigente en materia de turismo, así como zonas especiales de acogida para autocaravanas y caravanas en*



tránsito, conforme a lo establecido en dicha normativa; y las instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, de carácter público o privado, de uso individual o colectivo, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso del que se trate.

e) Actividades científicas, escolares y divulgativas.

f) Depósito de materiales, almacenamiento y parques de maquinaria y estacionamiento o exposición de vehículos al aire libre.

g) Construcciones e instalaciones agrícolas en general, tales como las destinadas al apoyo de las explotaciones hortícolas, almacenes agrícolas, talleres, garajes, parques de maquinaria agrícola, viveros e invernaderos.

h) Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en los que se alojen, mantengan o críen animales, e instalaciones apícolas.

i) Construcciones e instalaciones forestales destinadas a la gestión forestal y las de apoyo a la explotación forestal, así como las de defensa forestal, talleres, garajes y parques de maquinaria forestal.

j) Construcciones e instalaciones destinadas a establecimientos de acuicultura.

k) Actividades e instalaciones comprendidas en el ámbito de la legislación minera, incluidos los establecimientos de beneficio, y pirotecnias.

l) Instalaciones vinculadas funcionalmente a las carreteras y previstas en la ordenación sectorial de estas, así como las estaciones de servicio.

m) Instalaciones e infraestructuras hidráulicas, de telecomunicaciones, producción y transporte de energía, gas, abastecimiento de agua, saneamiento y gestión y tratamiento de residuos, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.

n) Construcciones destinadas a usos residenciales vinculados a la explotación agrícola o ganadera.

ñ) Construcciones de naturaleza artesanal o de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primera transformación, almacenamiento y envasado de productos del sector primario, siempre que guarden relación directa con la naturaleza, extensión y destino de la finca o explotación del recurso natural.

o) Construcciones y rehabilitaciones destinadas al turismo que sean potenciadoras del medio donde se ubiquen.

p) Construcciones e instalaciones para equipamientos y dotaciones públicos o privados.

q) Otros usos análogos que se determinen reglamentariamente y coordinados entre la legislación sectorial y la presente ley.

2. Los restantes usos en suelo rústico son usos prohibidos.

Artículo 36. Régimen de usos.

1. Los usos y actividades relacionados en el artículo anterior son admisibles en cualquier categoría de suelo rústico, sin perjuicio de lo dispuesto en los instrumentos de ordenación del territorio y, en su caso, previa obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística.

2. En todo caso, en el suelo rústico de especial protección será necesario obtener la autorización o informe favorable del órgano que ostente la competencia sectorial correspondiente con carácter previo a la obtención del título habilitante municipal o autorización autonómica en los casos en que esta fuese preceptiva según lo dispuesto en el número siguiente.

3. Los usos contemplados en las letras n) y ñ) del artículo anterior habrán de ser objeto de la autorización de la persona titular del órgano autonómico competente en materia de urbanismo con anterioridad a la obtención del título habilitante municipal.

4. Los usos contemplados en las letras o) y p) del artículo anterior requerirán la aprobación de un plan especial de infraestructuras y dotaciones, salvo que la actuación pudiera encuadrarse en lo dispuesto en el artículo 40 para las edificaciones existentes de carácter tradicional. En caso de implantarse en suelo rústico especialmente protegido, será preciso obtener la autorización o informe favorable del órgano sectorial correspondiente."

5. Asimismo, podrán implantarse en suelo rústico aquellos usos previstos en los instrumentos de ordenación del territorio, previa obtención del título municipal habilitante y sin necesidad de autorización urbanística autonómica.



14.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – J.M. Vidal e Hijos, S.L. (2)

Visto o escrito presentado por Pablo Vidal Vázquez en representación de **J.M. Vidal e Hijos, S.L.**, de data 01/07/2023 (Rexistro de entrada nº 16.061), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 001900500NH01C0001AM.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 02/10/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202316061 do día 1 de xullo de 2023.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 001900500NH01C0001AM, no seu plano 3.3. de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Palmeira), a escala E:1/2000 como solo urbano, Ordenanza 6.3.A, Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta



1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peches de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha



altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela non presenta afeccións sectoriais

6. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto a parcela é edificable, cumprindo cas condicións esixibles pola normativa urbanística vixente.

E se encontra en solo urbano consolidado, contando cas dotacións e servizos requiridos pola Lexislación urbanística.



15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – José Luis Míguez Cristóbal

Visto o escrito presentado por **José Luis Míguez Cristóbal**, de data 12/06/2023 (Rexistro de entrada nº 14.326), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A940005950000UJ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Arquitecta Técnica Municipal, Nuria Morgade Pouso, de data 05/10/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA/S SOLICITANTE/S:

Nome/razón social: José Luis Míguez Cristóbal

02.DATOS DA PARCELA

Localización: Lgar. Sirves (Olveira)

Ref. Catastral: 15074A940005950000UJ

Ref. Rexistral:

Plano do PXOM: Planos nº 8.36-B e 2.7 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0404 do PBA

03.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

-Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en adiante, LEPARG.

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia,

-Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de Edificación (LOE).

- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, en adiante LC.

-Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

-Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, en adiante RC.

- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, en adiante POL.

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, en adiante TRLA.

-Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas, en adiante RDPH.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, en adiante LEG.

Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en adiante LPCG.

- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

- Lei 42/2007, do 13 de novembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación dos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.



- Código Técnico da Edificación, (CTE) aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo; coas modificacións introducidas.
- Real Decreto 1371/2007, de 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico “DB-HR Protección fronte ó ruído” do CTE e se modifica o Real Decreto 314/2006,
- Real Decreto 1675/2008 de 17 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 1371/2007,
- Orde de VIV/984/2009, de 15 de abril, pola que se modifican determinados documentos básicos do CTE e o Real Decreto 1371/2007 de 19 de outubro,
- Real Decreto 173/2010, de 19 de febreiro, polo que se modifica o CTE en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade,
- Real Decreto 410/2010 de 31 de marzo, polo que se desenvolven os requisitos esixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, para el exercicio de súa actividade,
- Orde FOM/1635/2013, de 10 de setembro, pola que se actualiza o Documento Básico DB-HE “Aforro de Enerxía”, do CTE.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

04.INFORME

04.01.Réxime urbanístico:

O concello de Ribeira conta cun PXOM o cal foi aprobado definitivamente o día 17.12.2002.

Segundo o PXOM (plano nº 2.7), a parcela atópase clasificada como SUELO RÚSTICO COMÚN: NORMAL ZONAL 2.1 (art. 129).

Segundo a Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 d), ao solo rústico dun PXOM sen adaptar á Lei 9/2002, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico.

De conformidade co PBA (folla 0151A-0505), non existen afeccións sectoriais na parcela. En consecuencia, atopámonos ante un **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA** (art. 33 da LSG).

O art. 35 da LSG regula os usos e actividades en solo rústico, sen prexuízo do desenvolvemento regulamentario, cito textual:

Artículo 35. Usos y actividades en suelo rústico.

1. Los usos y las actividades admisibles en suelo rústico serán los siguientes:

- a) Acciones sobre el suelo o subsuelo que impliquen movimientos de tierra, tales como dragados, defensa de ríos y rectificación de cauces, abancalamientos, desmontes y rellenos.
- b) Muros de contención, así como vallado de fincas.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada de un día y actividades comerciales ambulantes.
- d) Campamentos de turismo con las obras, servicios e instalaciones previstas en la normativa vigente en materia de turismo, así como zonas especiales de acogida para autocaravanas y caravanas en tránsito, conforme a lo establecido en dicha normativa; y las instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, de carácter público o privado, de uso individual o colectivo, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso del que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares y divulgativas.
- f) Depósito de materiales, almacenamiento y parques de maquinaria y estacionamiento o exposición de vehículos al aire libre.
- g) Construcciones e instalaciones agrícolas en general, tales como las destinadas al apoyo de las explotaciones hortícolas, almacenes agrícolas, talleres, garajes, parques de maquinaria agrícola, viveros e invernaderos.
- h) Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en los que se alojen, mantengan o críen animales, e instalaciones apícolas.
- i) Construcciones e instalaciones forestales destinadas a la gestión forestal y las de apoyo a la explotación forestal, así como las de defensa forestal, talleres, garajes y parques de maquinaria forestal.
- j) Construcciones e instalaciones destinadas a establecimientos de acuicultura.
- k) Actividades e instalaciones comprendidas en el ámbito de la legislación minera, incluidos los establecimientos de beneficio, y pirotecnias.



l) Instalaciones vinculadas funcionalmente a las carreteras y previstas en la ordenación sectorial de estas, así como las estaciones de servicio.

m) Instalaciones e infraestructuras hidráulicas, de telecomunicaciones, producción y transporte de energía, gas, abastecimiento de agua, saneamiento y gestión y tratamiento de residuos, públicas o privadas, y siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.

n) Construcciones destinadas a usos residenciales vinculados a la explotación agrícola o ganadera.

ñ) Construcciones de naturaleza artesanal o de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primera transformación, almacenamiento y envasado de productos del sector primario, siempre que guarden relación directa con la naturaleza, extensión y destino de la finca o explotación del recurso natural.

o) Construcciones y rehabilitaciones destinadas al turismo que sean potenciadoras del medio donde se ubiquen.

p) Construcciones e instalaciones para equipamientos y dotaciones públicos o privados.

q) Otros usos análogos que se determinen reglamentariamente y coordinados entre la legislación sectorial y la presente ley.

2. Los restantes usos en suelo rústico son usos prohibidos.

O seguinte artigo da LSG, establece unha serie de condicións para poder levar a cabo os usos indicados:

Artículo 39. Condiciones generales de las edificaciones en el suelo rústico.

Para poder obtener el título habilitante municipal de naturaleza urbanística, o la autorización autonómica en los supuestos previstos en el artículo 36, para cualquier clase de edificaciones o instalaciones en el suelo rústico, habrá de justificarse el cumplimiento de las siguientes condiciones:

a) Garantizar el acceso rodado de uso público adecuado a la implantación, el abastecimiento de agua, la evacuación y el tratamiento de aguas residuales, el suministro de energía eléctrica, la recogida, el tratamiento, la eliminación y la depuración de toda clase de

residuos y, en su caso, la previsión de aparcamientos suficientes, así como corregir las repercusiones que produzca la implantación en la capacidad y funcionalidad de las redes de servicios e infraestructuras existentes.

Estas soluciones habrán de ser asumidas como coste a cargo exclusivo del promotor o promotora de la actividad, formulando expresamente el correspondiente compromiso en tal sentido y aportando las garantías exigidas al efecto por la Administración en la forma que reglamentariamente se determine.

b) Prever las medidas correctoras necesarias para minimizar la incidencia de la actividad solicitada sobre el territorio, así como todas aquellas medidas, condiciones o limitaciones tendentes a conseguir la menor ocupación territorial y la mejor protección del paisaje, los recursos productivos y el medio natural, así como la preservación del patrimonio cultural y la singularidad y tipología arquitectónica de la zona.

c) Cumplir las siguientes condiciones de edificación:

– Las características tipológicas, estéticas y constructivas y los materiales, colores y acabados serán acordes con el paisaje rural y las construcciones del entorno, sin perjuicio de otras propuestas que se justifiquen por su calidad arquitectónica.

– El volumen máximo de la edificación será similar al de las edificaciones tradicionales existentes, salvo cuando resulte imprescindible superarlo por exigencias del uso o actividad. En todo caso, habrán de adoptarse las medidas correctoras necesarias para garantizar el mínimo impacto visual sobre el paisaje y la mínima alteración del relieve natural de los terrenos.

– Los cierres de fábrica no podrán exceder de 1,5 metros de altura, debiendo adaptarse al medio en que se ubiquen.

– La altura máxima de las edificaciones no podrá exceder de dos plantas ni de siete metros medidos en el centro de todas las fachadas, desde la rasante natural del terreno al arranque inferior de la vertiente de cubierta.

Excepcionalmente, podrá excederse dicha altura cuando las características específicas de la actividad, debidamente justificadas, lo hicieran imprescindible.

d) Cumplir las siguientes condiciones de posición e implantación:

1.ª) Deberá justificarse suficientemente la idoneidad del emplazamiento elegido y la imposibilidad o inconveniencia de emplazarlas en suelo urbano o urbanizable con calificación idónea. Tal justificación



no será necesaria cuando se trate de las construcciones señaladas en el artículo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).

2.º) La superficie mínima de la parcela sobre la que se situará la edificación será de 2.000 metros cuadrados, y no resultará exigible el cumplimiento de este requisito para los usos regulados en el artículo 35.1.m), para la ampliación de cementerios y para las instalaciones temporales que presten servicios necesarios o convenientes para la utilización y disfrute del dominio público marítimo-terrestre.

Reglamentariamente podrá establecerse la exigencia de una superficie mínima de parcela superior a la prevista en este precepto cuando así esté exigido por la naturaleza y las características de los usos de que se trate.

Asimismo, en el supuesto de planes especiales de infraestructuras y dotaciones que tengan por objeto la implantación de los usos previstos en las letras o) y p) del artículo 35.1, reglamentariamente podrá establecerse una superficie mínima referida a la totalidad del ámbito que se delimite en el plan. En caso de que afecten a distintas clases de suelo, la superficie incluida en suelo rústico deberá cumplir con la condición de superficie mínima establecida con carácter general en esta ley.

A todos estos efectos, no será admisible la adscripción de otras parcelas.

3.º) La superficie máxima ocupada por la edificación en planta no excederá el 20 % de la superficie de la finca. En el caso de invernaderos con destino exclusivo al uso agrario que se instalen con materiales ligeros y fácilmente desmontables, de explotaciones ganaderas, de establecimientos de acuicultura y de infraestructuras de tratamiento o depuración de aguas, podrán ocupar hasta el 60 % de la superficie de la parcela, y la ampliación de los cementerios, la totalidad de ella.

Excepcionalmente, los instrumentos establecidos por la legislación de ordenación del territorio podrán permitir una ocupación superior para estas actividades, siempre que se mantenga el estado natural, al menos, en un tercio de la superficie de la parcela.

4.º) Los edificios se situarán dentro de la parcela, adaptándose en lo posible al terreno y al lugar más apropiado para conseguir la mayor reducción del impacto visual y la menor alteración de la topografía del terreno.

5.º) Los retranqueos de las construcciones a los lindes de la parcela deberán garantizar la condición de aislamiento, y en ningún caso podrán ser inferiores a 5 metros.

6.º) Las condiciones de abancalamiento obligatorio y de acabado de los bancales resultantes deberán definirse y justificarse en el proyecto, de modo que quede garantizado el mínimo impacto visual sobre el paisaje y la mínima alteración de la topografía natural de los terrenos.

7.º) Se mantendrá el estado natural de los terrenos o, alternativamente, se introducirá la plantación de arbolado o especies vegetales, en todo caso mediante soluciones que impidan el sellado del suelo en, al menos, la mitad de la superficie no ocupada de la parcela.

Justificadamente y por razón de la naturaleza y características de la actividad, podrá reducirse la referida proporción en el caso de las infraestructuras e instalaciones previstas en la letra m) del artículo 35 de esta ley y en los establecimientos de acuicultura.

e) Se hará constar en el registro de la propiedad la vinculación de la superficie exigible a la construcción y uso autorizados, expresando la indivisibilidad y las concretas limitaciones al uso y edificabilidad impuestas por el título habilitante de naturaleza urbanística o la autorización autonómica.

f) Las edificaciones destinadas a uso residencial complementario de la explotación agrícola o ganadera deberán estar íntimamente ligadas a ellas, en los términos que se determinen reglamentariamente.

g) Las nuevas explotaciones ganaderas sin base territorial no podrán ubicarse a una distancia inferior a 500 metros de los núcleos rurales o urbanos y a 100 metros de la vivienda más próxima, salvo que el planeamiento municipal motive, en atención a las circunstancias propias del territorio, otras distancias diferentes, siempre salvaguardando la calidad ambiental del entorno. Cuando se trate de nuevas explotaciones con base territorial, la distancia mínima a los asentamientos de población y a la vivienda más próxima será de 100 metros.

La distancia a la vivienda no será tenida en cuenta si la misma y la explotación son del mismo titular.

A los efectos de la presente ley, se considera explotación ganadera la unidad técnico-económica caracterizada por la existencia de unas instalaciones y un conjunto de animales, así como otros bienes



que, organizados por su titular, sirvan para la cría, producción y reproducción de animales y la obtención de productos ganaderos o prestación de servicios complementarios.

05.CONCLUSIONES

De conformidade co PXOM de Ribeira, e coa LSG, a parcela está clasificada como **solo rústico de protección ordinaria**.

16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Sheila González Nieto

Visto o escrito presentado por **Sheila González Nieto**, de data 02/06/2023 (Registro de entrada nº 15.674), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A00100457.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Diego Hermida Varela, de data 22/09/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: Sheila González Nieto

02.DATOS DA PARCELA

Localización: Lgar. de Viñas-Comalvedro , parroquia de Artes, Ribeira.

Ref. Catastral: 15074A00100457

Plano do PXOM: Planos nº 2.12 e 8.1 e 8.2 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0505 do PBA

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 2.06.2023, obtén rexistro de entrada (RE.: 202315674), unha solicitude de información urbanística con respecto da parcela 15074A00100457.

Achégase:

-Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

-Consulta descritiva e gráfica do Catastro.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para a que solicita información conta con dúas clasificacións, solo rústico e solo de núcleo rural.



A parte da parcela situada ao norte, que linda con sendas vías de uso público, atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **SÓLO DE NÚCLEO RURAL** EN ÁREAS MEDIO CONSOLIDADAS SNR-B, plano 8.1 e 8.2 do PXOM.

De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais, aplicaráselle o disposto integramente no planeamento, agás no que se refire a edificacións tradicionais, ás que lle será de aplicación o disposto no art. 40 LSG.

Engade o RLSG, na súa Disposición Transitoria Segunda, apdo. 2 c), que serán de aplicación as maiores limitacións establecidas no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será en todo caso o disposto nos arts. 36 a 40 do RLSG.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 134: Norma del suelo de núcleo rural en áreas medio consolidadas. SNR-B

Definición norma zonal S.N.R.-B

Comprende esta norma las áreas de suelo de los núcleos rurales anejas a las zonas consolidadas, que no llegan a definir claramente una trama de edificaciones, pero donde la edificación esta ocupado hasta un 50% de las parcelas próximas a las aldeas y lugares de origen agrario y morfología definida que constituyen la base de la trama rural.

Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

- Conservación
- Consolidación
- Rehabilitación
- Restauración

Permitiéndose las de reforma y ampliación y en los solares vacantes las de obra nueva.

Los proyectos realizados en los solares en los que exista una edificación antigua, mantendrán los cerramientos de piedra existentes, huecos de piedra, balcones y galerías de madera y otros elementos comunes a la arquitectura popular.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada y adosada. Se mantendrá el tipo de ocupación no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 500 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie.

Frente mínimo: será de 8 m. Cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m. (y se cumplan el resto de las condiciones de edificación).

Condiciones de ocupación

Posición: Se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejora para las condiciones del espacio público y para las condiciones de edificación de las parcelas.

En áreas poco consolidadas se aplicará la normativa viaria.

La edificación se situará en la parcela aislada entre medianeras, o adosada a la parcela contigua



si esta dejase una medianera consolidada o previo acuerdo entre lindantes. En cualquier caso, se trata de ocultar medianeras, no creando otras nuevas bajo ningún concepto, respetando en los otros casos un mínimo de 3 metros a linderos.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 35% de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,50 m²/m².

Altura de la edificación

Número plantas: bajo + una planta y aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 metros por encima de la altura máxima.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las dimensiones y características de estos elementos serán las definidas en las condiciones generales de edificación, permitiéndose a partir de la primera planta.

Balcones: No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 m², y no pudiendo superar los 50 m².

Cornisas y aleros: El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.


Condiciones ambientales y estéticas.

Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio, como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este ultimo caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color.



Plano nº 8.2 do PXOM. SÓLO DE NÚCLEO RURAL EN ÁREAS MEDIO CONSOLIDADAS SNR-B. MUÍÑOS-TEIXOEIRA-GANDARA.

Inclúense tamén, a continuación, as normas xerais para o solo de núcleo rural recollidas no artigo 132 do PXOM.

Artículo 132: Normas generales

Cesiones

Cuando se pretenda construir nuevas edificaciones o sustituir las existentes, los propietarios deberán ceder gratuitamente al ayuntamiento los terrenos necesarios para la regularización del viario.

Siempre que sea necesario proceder al ensanchamiento, apertura o mejoras de las vías de acceso existentes en el suelo de núcleo rural, en áreas no consolidadas por la edificación estos deberán tener un ancho mínimo de 8 metros y en todos los casos, como mínimo, las nuevas construcciones o cierres, deberán retranquearse 4 metros del eje de la vía pública a que den frente.

En caso de ejecución de Planes Especiales de mejora de los núcleos rurales, se estará a lo dispuesto en el artículo 75.5 de la Lei do solo de Galicia.

Para los efectos de edificación todo terreno contará cuando menos con agua, energía eléctrica y evacuación de aguas residuales (colectiva o no). De no existir estos servicios, su obtención irá pareja a la construcción de la edificación. La colocación de toda fosa séptica se hará a 30 m. de cualquier pozo de agua.

Servicios urbanísticos

La conexión con los servicios urbanísticos existentes en el núcleo rural, para las nuevas edificaciones serán ejecutadas a costa de los promotores de las mismas.

A parte da parcela que se sitúa no sur e este, atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **SOLO RÚSTICO Común**.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información non conta con afeccións sectoriais, polo que haberá que outorgarlle, á parte clasificada como solo rústico, a categoría de solo **solo rústico de protección ordinaria**, recollida no artigo 33 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

05.02.Camiños acceso:

Na solicitude formulada recóllese a necesidade de ter información “del camino “principal” si es público”.

Consultado o Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo do Pleno con data 26 de febreiro de 2018, pode comprobarse que o camiño existente, que linda coa parcela polos seus ventos norte e oeste, correspóndese co nº 182 do epígrafe 132 correspondente aos camiños rurais e identificado como **CAMIÑO QUEIMADOIROS** con natureza de dominio de uso público coas datos que se recollen na ficha do ben que se incorpora e este informe.

Incorpórase como anexo a este informe captura do camiño de referencia sobre a cartografía do Inventario de camiños.

ANEXO

-Captura do camiño nº 182 sobre a cartografía do Inventario.

-Ficha do ben 132-182 do Inventario



17.- SUBVENCION INCLUSION SOCIAL 2023-2025

VISTA a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 06/10/2023, relativa á ***Orde do 6 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades locais para programas de emerxencia social e inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, para os anos 2023 a 2025, cofinanciada pola Unión***



Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS623C). Consellería de Política Social e Xuventude (DOG 177 do 18/09/2023).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar a subvención mencionada, *“destinada a entidades locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e a outras persoas en risco de exclusión...”*

Accións subvencionables propostas polo departamento de servizos sociais comunitarios con cargo a esta subvención :

a. Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante

➤ Prestación de asesoramento técnico especializado en materia de estranxeiría: este servizo estívese prestando en anos anteriores e continúa a ter demanda e ser necesario, polo que propoñemos que se solicite para os seguintes periodos subvencionables:

Periodos	meses	horas mensuais	prezo subvencionable	total periodo
01/12/2023 a 30/11/2024	12	20	24,60 €	5904 €
01/12/2024 a 30/04/2025	5	20	24,60 €	2460 €
				8364 €

b. Programas específicos dirixidos a persoas sen fogar

➤ Servizo de apoio á inclusión sociolaboral: sección de inclusión básica: Programa Sen Recunchos.

Periodos	meses	horas mensuais	prezo subvencionable	total periodo
01/12/2023 a 30/11/2024	12	40	24,60 €	11808 €
01/12/2024 a 30/04/2025	5	40	24,60 €	4920 €
				16728 €

➤ Servizo de apoio á inclusión residencial: Programa Senfogarismo Cero.

Periodos	meses	horas mensuais	prezo subvencionable	total periodo
01/12/2023 a 30/11/2024	12	40	28,70 €	13776 €
01/12/2024 a 30/04/2025	5	40	28,70 €	5740 €
				19516 €

2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis Antonio Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de subvención.

3.- Achegar á devandita solicitude a documentación complementaria necesaria.

4.- Autorizar á Consellería de Política Social e Xuventude a comprobar que este Concello cumpre cos requisitos para ser beneficiario da subvención.

5.- Comprometerse a cumprir coas obrigas de execución, mantemento da contabilidade independente, conservación de documentación xustificativa, cumprimento das medidas de visibilidade e outras recollidas nas bases da convocatoria desta subvención.

18.- SOLICITUDE REGULACIÓN DE TRÁFICO EN VARIOS PUNTOS DO BARRIO DE FONDEVILA (RIBEIRA) – Sandra Oliveira Alonso

Visto o escrito presentado por **Sandra Oliveira Alonso**, de data 15/09/2023 (Rexistro de



entrada nº 21.252), no que solicita a regulación do tráfico de varios puntos do rueiro de Fondevila (Ribeira), debido a varios problemas de circulación.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 06/10/2023, no que sinala:

“Logo de quedar coa interesada para supervisar en cada un dos lugares aos que se refire no escrito e razonar en cada un deles as distintas opcións para solucionar ou mitigar os problemas de tráfico que en algunha ocasión poden xurdir, tendo en conta as vantaxes e inconvenientes de unhas ou outras, coincidiron en que, dado o contexto do tráfico actual na zona e mentres non xurdan outras circunstancias que o empeoren, é preferible non facer modificación algunha.

Con respecto aos concretos puntos conflictivos que menciona a interesada e vistos in situ, cabe reseñar o seguinte:

- *Acceso dende a avenida do Ferrol á rúa Fondevila, que logo continúa pola chamada Rúa Morta: para incorporarse á rúa Fondevila dende a súa intersección coa avenida do Ferrol, compre ter a precaución de cerciorarse que dita vía esté libre de vehículos para evitar o posible cruce con algún vehículo que, en moi esporádicas veces, poida chegar alí en sentido contrario, o cal sería ben visible dende lonxe. Esa precaución é moi doada, porque a visibilidade dende aí sobre a rúa Álvaro Cunqueiro é moi boa. Inclusive, no seu caso, cabe o cruce de dous vehículos preto de esa intersección, a pesar de que poida haber outros aparcados na zona, se o conductor ten o coidado de arrimarse á súa dereita e correctamente orientado lonxitudinalmente (evitando colocarse de xeito “diagonal”).*
- *Cruce das rúas Fondevila e Álvaro Cunqueiro: a dificultade nese desvío tan só se da cos vehículos que circulen pola rúa Fondevila en sentido ascendente (dende as rúas Lepanto, Miguel Rodríguez Bautista ou Habana), e se desvíen cara a rúa Cochón, porque a entrada á rúa Álvaro Cunqueiro é moi estreita, con muros en ambas beiras e formando un unha “curva” ou cruce moi pechado. Nese caso a situación é facilmente salvable, pois hai espazo na zona para maiobrar ou invertir o sentido de circulación antes de entrar na rúa estreita de Álvaro Cunqueiro.*

Aparte, respecto a un lugar concreto da rúa Álvaro Cunqueiro onde calquera veciño da zona aparca o vehículo pegado a preto do portal de un garaxe, Sandra comentou que se en algunha ocasión o vehículo que aparque alí non o fai de xeito que deixe libre o máximo espazo posible para a circulación dos demais usuarios da vía pode dificultarlles o paso. Nese senso, os veciños dese lugar, inclusive a quen mais lle pode afectar porque está pegado ao portal do garaxe, manifestaron que os que solen aparcar alí non lles estorba para pasar cos seus respectivos vehículos e, por solidariedade, pois son conscientes dos moi poucos sitios axeitados que hai no barrio para poder aparcar, tampouco queren que se lles prohiba facelo.

Non obstante, neste último lugar, chama a atención un pequeno terreo propiedade de un veciño que non vive no lugar e que semella ter moito mais interese público que privado. Por iso pode convir intentar chegar algún acordo el para que pase a pertencer á nosa Administración municipal.




Vista do acceso á rúa Álvaro Cunqueiro, no centro da imaxe, dende o cruce coa rúa Fondevila. A dificultade de acceso a aquela rúa resulta moito mais grande para os que accedan en senso ascendente pola rúa Fondevila (segundo se indica coa flecha) porque obriga a facer un xiro moi moi pechado. Moito mais doado é entrar dende a posición do observador desta imaxe, onde, ademais, hai un amplo espazo para maniobrar, mesmo dar media volta.





Vista con mais detalle do difícil acceso a rúa Álvaro Cunqueiro dende a rúa Fondevila, segundo se ascende.



Vista da rúa Alvaro Cunqueiro onde se observa, a dereita da imaxe, o vehículo de cor oscura aparcado entre dous portais de sendos garaxes que aínda que obrigue a circular con coidado nese punto, segundo os propios veciños que poden verse máis afectados, non supoñen impedimento para pasar. O pequeno terreo que hai entre os dous contenedores de basura e o muro de cerre de bloques de formigón que se ve detrás, onde se pode observar un vehículo tipo turismo de cor branca "aparcado", non é de titularidade pública, senon privada; os veciños manifestaron que o seu dono, é o mesmo que o dese coche e tamén o da casa que está en fronte ao outro lado da rúa, pero que a ten deshabitada. Por ese motivo, aos veciños lles gustaría que se fixesen xestións para que ese terreo pasase a ser de dominio público."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** non autorizar a regulación do tráfico de varios puntos do rueiro de Fondevila (Ribeira), por non considerarse necesarios sungundo o contido do citado informe policial.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Daniel Martínez Chouza

VISTO o escrito presentado por **Daniel Martínez Chouza**, en representación do establecemento "Bar A Central", de data 05/10/2023 (Rexistro de entrada nº 23.493), no que solicita permiso para evento musical no exterior (Parte da Rúa do Retiro) do establecemento hostaleiro "Bar A Central" (Ribeira), o día 11 de novembro de 2023, en horario de 12:00 h. a 16:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións e deixando espazo suficiente para non interferir na libre circulación de peóns e vehículos e instalación de valado) a **Daniel Martínez Chouza**, para evento musical no exterior (Parte da Rúa do Retiro) do establecemento hostaleiro "Bar A Central" (Ribeira), o



día 11 de novembro de 2023, en horario de 12:00 h. a 16:00 h., nas condicións establecidas pola "Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira", aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

"(...)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión "Vermú": entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

"(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Bar A Central" (Ribeira) (**Daniel Martínez Chouza**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de



inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



20.- ESCRITO EN RELACIÓN CON RUIDOS NOCTURNOS DE ACTIVIDADES VARIAS NA RÚA XOHANA TORRES (RIBEIRA) - Alfonso Fernández Romero

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Alfonso Fernández Romero**, de data 06/10/2023 (Rexistro de entrada nº 23.567), en relación con ruidos nocturnos de actividades varias na rúa Xohana Torres (Ribeira).

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA CON MESA DE VENDA DE PRODUTOS DE NADAL – ANPA A Gándara CEIP Artes

Visto o escrito presentado por Elena González Garabán en representación da **ANPA A Gándara do CEIP de Artes**, de data 06/10/2023 (Rexistro de entrada nº 23.550), no que solicita autorización para ocupación de vía pública cunha mesa para vender produtos de Nadal na Rúa de Galicia de Ribeira (Ao carón do establecemento “Barbanza Joya”), os días 7, 14 e 21/10/2023 e 11, 18 e 25/11/2023, en horario de 09:00 h. ás 14:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar ao ANPA A Gándara do CEIP de Artes para a ocupación de vía pública cunha mesa para vender produtos de Nadal na Rúa de Galicia de Ribeira (Ao carón do establecemento “Barbanza Joya”), os días 7, 14 e 21/10/2023 e 11, 18 e 25/11/2023, en horario de 09:00 h. ás 14:00 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

22.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE EN TERRAZAS E INTERIORES DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS – Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas

Visto o escrito presentado por Lois Lopes García en representación da **Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas**, de data 09/10/2023 (Rexistro de entrada nº 23.730), no que solicita a ampliación de 1 hora (unha hora) adicional sobre o horario de peche para as terrazas e interiores dos establecementos hostaleiros do Concello de Ribeira, entre os días 11 e 15/10/2023 e 31/10/2023 e 01/11/2023; asimismo, respecto á terrazas, que o seu horario de peche sexa o da tempada de verán, engadindo unha hora adicional por mor da festividade da ponte do Pilar e o Día de Tódolos Santos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar**, de xeito extraordinario, a ampliación de 1 hora (unha hora) adicional sobre o horario de peche para as terrazas e interiores dos establecementos hostaleiros do Concello de Ribeira, entre os días 11 e 15/10/2023 e 31/10/2023 e 01/11/2023; asimismo, respecto á terrazas, que o seu horario de peche sexa o da tempada de verán, engadindo unha hora adicional por mor da festividade da ponte do Pilar e o Día de Todos os Santos; resultando a ampliación de horarios ás seguintes datas:
 - Noite do mércores 11 ao xoves 12 de outubro



- Noite do xoves 12 ao venres 13 de outubro
 - Noite do venres 13 ao sábado 14 de outubro
 - Noite do sábado 14 ao domingo 15 de outubro
 - Noite do martes 31 ao mércores 1 de novembro
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

**23.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 120/2023 DO XULGADO DO
CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da **Sentenza nº 120/2023 do Xulgado Contencioso/Administrativo nº1 de Santiago de Compostela**, de data 18/09/2023, pola que se falla estimar parcialmente o recurso contencioso/administrativo (Procedemento Abreviado nº 379/2022) interposto por Óscar Luis Rey Nieto contra o decreto que declara a xubilación do demandante por incapacidade permanente total para a súa profesión habitual como policía local, e o cese como funcionario.

A Xunta de Goberno Local queda enteirada da sentenza de referencia.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

